

Terra e Memoria un arquivo aberto para o século XXI

LOURENZO FERNÁNDEZ PRIETO

Universidade de Santiago de Compostela

lourenzo.fernandez@usc.es

<http://orcid.org/0000-0003-3206-2428>

FRAN QUIROGA

Universidade de Santiago de Compostela

fran.quiroga@usc.es

<https://orcid.org/0000-0002-8409-6710>

HISTAGRA, 14 de maio de 2019

As fontes orais son elementos fundamentais dos relatos históricos. Son voces, memorias encarnadas e subxectivas de vidas e conforman as fontes primarias da Historia oral, disciplina historiográfica que recompila as experiencias e lembranzas persoais de significación histórica de persoas participantes en procesos pasados. A través desta aproximación ao pasado inclúense voces daquelas persoas que menos aparecen nas visións da historia oficialista; como son historias das mulleres, do campesiñado, das subalternizadas que non adoitan atoparse nos repositorios convencionais, permitindo abrir así novos enfoques que mudan a nosa comprensión do pasado.

As fontes orais adoitan ser rexistradas a través de gravacións, elementos materiais que se realizan coa intencionalidade de servir como fonte histórica para un proxecto de investigación concreto. Mais pasados os anos e os proxectos dáse todo un conxunto de materiais que merece ser preservado e arquivado co obxectivo de seguir indagando sobre estas historias que xa son parte dun patrimonio ao servizo da comunidade investigadora.

Parte destes obxectivos foron a orixe no Proxecto HISTORGA de fontes orais (Historia Oral de Galicia) da Universidade de Santiago de Compostela, que formou a máis de trinta promocións de estudantes de Historia no manexo da historia oral e que tivo continuidade nos traballos dos grupos de investigación en diversos proxectos ao longo destas tres décadas; como o Programa HistAmérica dende 2000, até reunir un amplo fondo de máis de 1.600 entrevistas; e mais o impulso singular do proxecto Nomes e Voces, que recolle actualmente un fondo de arredor de 500 testemuños orais. A base de datos de Terra e Memoria integra rexistros residentes (dados de alta na propia base de datos) e outros rexistros importados desde dúas bases de datos que funcionan tamén de forma independente: nomesevoces.net e mais o fondo oral de HistAmérica. Este fondo materializouse posteriormente como Unidade de Patrimonio Documental e Oral Contemporáneo (UP-DOC), creada en 2004 no antigo Departamento de Historia Contemporánea e de América

da USC, que recompila unha actividade continuada de construción de fondos orais que principia a finais dos anos 80.

Estes fondos xa utilizados e dispoñibles nos respectivos grupos de investigación foron utilizados por un amplo número de investigadores. Non obstante, era necesario, ante a mudanza que supón a irrupción dixital, dar un paso adiante e mellorar a preservación destas fontes, a dixitalización das mesmas, así como a aplicación de melloras na procura da información. As tecnoloxías da información e comunicación abren un amplo abano de posibilidades á hora de compartir recursos, así como reducir a fenda entre as institucións que preservan este tipo de fondos e individuos que traballan nelas.

A creación do repositorio “Terra & Memoria” <https://www.terraememoria.usc.gal/> presentado o 19 de outubro de 2018 en Santiago de Compostela é o resultado dun traballo de creación dun arquivo web con fondos referidos á vida cotiá, mundo rural, muller, emigración a Europa e América, guerra, posguerra, sindicalismo e política, vítimas do golpe de 1936, entre outros temas. A través deste arquivo non só se poñen a disposición das persoas interesadas fondos que até o momento non accesibles, senón que se volve situar a Historia oral nun lugar central nas investigacións levadas a cabo no actual Departamento de Historia da USC. A intención é seguir ampliando os fondos xa existentes e aplicar as metodoloxías de vangarda que se están empregando no sector noutros centros internacionais especializados en Historia Oral, tanto no que ten que ver coa realización de entrevistas como no que respecta ao tratamento, custodia e investigación sobre as mesmas.

O portal www.terraememoria.usc.gal constitúe un pioneiro avance na Historia oral facilitando o acceso aos fondos creados como froito de décadas de traballo de campo que se conservan no Departamento. Actualmente, o fondo conta con máis de 2000 entrevistas recollidas e indexadas no catálogo e sistematiza testemuños orais referidos a tres centros de interese:

- Historia social da vida cotiá e do mundo rural.
- Migracións a América e Europa: orixes, viaxes, traballos, retornos.
- Vítimas das persecucións do golpe, da guerra e da represión franquista.

Os fondos orais agora reunidos recollen a memoria do pasado da xente común de Galicia no século XX; un territorio europeo atlántico de intensa e antiga ocupación que desenvolve unha agricultura moi intensiva e drena unha gran corrente migratoria cara a América antes de 1950 e cara a Europa despois. Estas son as xentes que protagonizaron a mesma historia europea de traballos, tránsitos do rural ao urbano, migracións e retornos, progresos persoais e colectivos; tamén de guerras, fascismos e democracias que caracterizou o século XX. As entrevistas recollen asuntos relacionados con mundo rural, muller, emigración a Europa e América, guerra, posguerra, sindicalismo e política, vítimas do golpe de 1936 e do franquismo.

O portal xorde como iniciativa dos grupos de investigación HISTAGRA, HistAMÉRICA e HISPONA do Departamento de Historia da USC para mellorar a custodia deste fondos, así como manifestación do compromiso de apertura á comunidade inves-

tigadora dun valioso fondo, que pode ser empregado por aquelas persoas que estean interesadas na realización de proxectos de investigación ou educativos. O portal dispón de tres niveis de acceso:

- O primario, no que se dá conta dos recursos que dispón o fondo, cun sistema de procura a través de temáticas, lugares, fondos e épocas.
- Acceso básico na web: cómpre rexistrarse e ser acreditado polo administrador. Permite o acceso a 70 fragmentos e consulta do listado de fondos con información ampliada.
- Acceso completo a todos os fondos en sala: cómpre rexistrarse previamente en <https://www.terraememoria.usc.gal/rexistro>, ser acreditado polo administrador e pedir cita a través do email terraememoria@usc.gal

Ademais do acceso *online* e do propio arquivo, pode accederse aos fondos de xeito presencial e consulta en sala a través dos PC habilitados ao efecto, contando cun horario e atención de persoal especializado que se notifica na propia web ou mediante o email terraememoria@usc.gal. No primeiro mes de andaina do portal rexistráronse máis de 60 persoas, o que demostra o interese que existe nun arquivo especializado en fontes orais

Este repositorio web é a continuación na construción de fondos orais que se inicia a finais dos anos 80 grazas ao proxecto HISTORGA (Historia Oral de Galicia). Este supuxo un ambicioso programa de investigación, posto en marcha nun momento no que a Historia oral tiña un escaso desenvolvemento no noso país e serviu para formar a varias promocións de estudantes de Historia no manexo deste tipo de fontes. Conta ademais coa incorporación dos fondos do Proxecto Nomes e Voces que, entre os anos 2006 e 2013 nos que estivo activo, realizou amplos traballos sobre fontes orais e escritas, así como recollidas documentais e gráficas (máis de 16.000 documentos dixitalizados e ao redor de 500 entrevistas) para crear una completa base de datos intermedial sobre as vítimas e a represión durante a Guerra Civil e a ditadura. Á vez o fondo inclúe o traballo realizado por HISTAMERICA e os seus programas de investigación relacionados coas migracións e os exilios ao longo das últimas décadas.

O proxecto parte de experiencias previas desenvolvidas polos grupos de investigación que o promoven e pretende consolidar os fitos acadados no pasado; garantir un apoio continuado ás actividades de recollida deste tipo de fontes, e a súa conservación e difusión aplicando os mecanismos e ferramentas que proporcionan as tecnoloxías da información. Terra e Memoria é un arquivo en aberto para o século XXI, máis aspira a converterse nun laboratorio de experimentación e uso de obras derivadas a través deste fondo. Os seguintes pasos van na liña de consolidar o portal web como repositorio de testemuños orais, ampliando os fondos existentes; pero, sobre todo, aspírase a que nunha segunda fase este servizo dea soporte e abra un camiño para reutilizar estas fontes, a través dun uso axeitado de citas e responsabilidade no uso dos fondos.

As tecnoloxías da información abren os marcos da universidade, facilitando o acceso e a información, non só ao persoal investigador dos propios grupos, senón a toda

a comunidade universitaria e tamén á propia cidadanía. Deste xeito supón un exercicio de retorno social, especialmente con aquelas persoas que colaboraron participando nas entrevistas e que a través dos seus testemuños deron voz a moitas das inxerencias do século XX. Facer dispoñibles estes fondos, nos marcos establecidos pola lexislación, abre interminables posibilidades de usos ao persoal interesado e supón un chanzo máis á hora de recoñecer a importancia da historia Oral como disciplina ao servizo da comprensión do mundo no que vivimos.